

Unha breve biografía

Mercedes Leobalde (A Coruña, 1967) é licenciada en Filoloxía Galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Tras un breve paso polo mundo editorial, compaxinou, durante máis dunha década, a docencia (primeiro como profesora de ensino medio e logo impartindo cursos de lingua e linguaxe administrativa e xurídica para adultos) con labores de tradución. Actualmente reside en Carral e traballa como tradutora intérprete no Equipo Lingüístico do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Como escritora, foi premiada no Certame de Narración Curta Ánxel Fole (2011) polo relato *Fáltasme* e no Manuel Murguía de Narracións Breves por *Taxi driver*, publicado no volume colectivo *Outra rolada* (2013).

En 2013 gañou o VII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas con *Chamádeme Eva* (Editorial Caldeirón, 2013) e en 2014 o Premio de Narración Curta Ánxel Fole con *Funambulistas* (Xerais, 2015).

<http://www.xerais.es/autores.php?tipo=autores&id=100053364>



“...andamos todos pola corda frouxa. En calquera momento chega un revés que pon o teu mundo patas arriba. A vida é inseguridade. Temos moi poucas certezas. Sempre temos que manter o equilibrio. E ofrecer unha resistencia, que é o que fan os meus personaxes. Mirar para adiante e seguir, aínda que despois as cousas vaian mal.”

“...sempre escribes do que che preocupa, é normal. Por iso está moi presente a violencia machista. É tan palpable, tan evidente... e non sabemos nin como reaccionar. E agora chegan os poderes reaccionarios e fan que aínda vaíamos máis para atrás. Teño dúas fillas e pensaba que xa non ían ter que ver todo isto, mais parece que as cousas non melloraron moito.”

“Vivo rodeada de palabras, de dicionarios. Se cadra diso vénme a precisión. Hai máis de 10 anos que traballo como tradutora de textos xurídicos e administrativos. Por iso o costume de buscar as palabras, de simplificar. Ás veces, máis que traducir, temos que interpretar os textos, porque parece que están escritos para que non se entendan, cando se supón que teñen que estar feitos coas palabras precisas, exactas, non ambiguas...”

Textos e foto de entrevista en montsedopico.com


Nós tamén navegar

Que e quen?

Estou tan soa que non sequera sei onde atopar unha palabra que se achegue a min. Debuxar tranquilízame. Os meus debuxos son básicos, como trazos de nenos. Debuxo unha casa cunha porta e dúas ventás. Unha árbore chea de mazás e cereixas, ao mesmo tempo. Ao fondo, montañas nas que se agocha o sol con cara de risa. (*Melodía de días usados*) AUTORA:



Na rúa dáme o aire e paréce-me que respiro. Prefiro non dicir xa a estas altura que foi un día horroroso, agardarei a despois da entrevista... Quen sabe por que e como reciben os seus empregos as persoas. No meu vaso está claro. Seguro que fun a loira máis cachonda que se presentou ao posto. Como se fose un casting. (*O Club da Calce-ta*) AUTORA:



E ti queres, Xan, que che faga ver o que son as mulleres que agora a ocasión é boa? –E pois como? –Facendo que esa viúva, que non sei quen é nin vin na miña vida, me dea nesta mesma noite palabra de casamento para de aquí a un mes. (*Conto galego*) AUTORA:



A luz esmorecida do sol do serán zarrapicou o rostro lívido dunha muller de máis de corenta anos que se sentía daquela como unha adolescente. Estaba abatida. Vía o rostro de Dinís, as súas mans e os seus pasos por aquelas lousas, escoitou a seu alento e os seus choros dos barrotes para dentro. Ao fondo do piso encontrou a biblioteca. (*Resistencia*) AUTORA:



Helena, como Laura, como outras, amagara coquetear con el, achegábase á súa mesa ao final da clase coa escusa de preguntar calquera cousa para sentir aquelas caricias da súa voz e dos seus ollos. Nunca el fixo intentos de ligar con ela, aínda que si estableceron unha relación amigable, e Anxo deixoulle un montón de libros... (*Tránsito dos gramáticos*) AUTORA:



Branca é a miña moza porque temos un segredo a medias, un misterio que temos que resolver nó sos. Queremos practicar. De maiores imos ser policías dos que descubren misterios difícilísimos. O noso misterio é moi misterioso porque meus pais, e iso que son máis vellos ca min, claro, cando lles pregunto polo caso, non teñen nin idea de que dicir. (*O misterio dos fillos de Lúa*) AUTORA:



... Seguramente a nai sería a primeira e ocultar. A rapariga violada, ademais da súa propia mutilación, da dor, da humillación, aínda recibe un castigo social. Queda marcada, é unha deshonra para a nai solteira e esmoleira. A sociedade, que permite e provoca a vileza, aínda culpa a vítima, e considéraa obscena. (*O solpor da cupletista*). AUTORA:



Eu tiven quince anos nunha época incerta, e neses días o único que quixen foi ser libre. Cousa que nunca, xamais, conseguín. Os raúis non me deixaron, porque todos pensan que unha ten que ser concubina. Seino eu porque mo dixeron as laranxas da laranxeira... Quince anos debe ser sinónimo de querer ser libre. (*Concubinas*).



A noite en que a nena naceu, todas estaban vendo na televisión en branco e negro que lucía nun recuncho da cociña, como o home acababa de chegar á Lúa. Cada unha delas deixara a actividade que estaba facendo e a cociña semellaba o escenario da noite que seguiu ao día da creación cos cadernos de contas a medio corrixir... (*Herba moura*) AUTORA:



Un par de rúas máis abaixo hai unha tenda de bombóns onde venden caramelos contra a infelicidade... E así, dese xeito tan natural, pasaron do café aos caramelos, e dos caramelos ás randeiras, ás postas de sol, aos paseos pola praia e á vida máis alá das bombas. Máis alá das chagas que xamais curan. (*Un animal chamado néboa*). AUTORA:

AUTORAS : Rosalía de Castro, María Xosé Queizán, Leticia Costas, Fina Casalderrey, Inma López Silva, Anxos Sumai, Rosa Aneiros, Marilar Aleixandre, Teresa Moure e María Reimóndez.



O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

A marela tarabela

Nº 21

Abril-2016

Boletín da Biblioteca do Instituto “Ramón María Aller Ulloa”

Funambulistas



Funambulistas, gañadora do XVI Premio de Narración Curta Ánxel Fole, é un libro de **vinte e cinco relatos**, a maior parte deles moi breves, apenas un par de páxinas, algúns *entremesturados, que finalmente acaba conformando unha novela sobre a fragilidade contemporánea, na que todas as persoas dunha ou doutra maneira vivimos na corda frouxa, ao fio das consecuencias do *inagardado ou do fortuíto. Escritos nunha prosa esencial, depuradísima, sintética, moi cálida e divertida (lembróme a de Carlos Casares), empregando unha diversidade de voces (con preferencia pola primeira) e de procedementos narrativos. *Funambulistas* denuncia un tempo de desigualdade e violencia cos humildes, sobre todo coas mulleres, mais no que é posible enxergar a esperanza e o inconformismo ganduxado cos fíos dun humor moi sutil e da proximidade do cotián. Relatos inesquecibles pola potencia da súa brevidade *centraminada como «Negrón», «Tatoo» ou «Amencer», co que pecha o orixinal, combínanse con outros como «My sweet love», «Lúa contra o baleiro» ou «O Porsche e o caracol», onde se vai densificando o relato nas marxes do concepto de novela. Non é casual que nun dos relatos, «Declaración de amor do xadrecista», a voz narradora diga:

“Porque todos somos funambulistas nesta vida, pero a vós me enfronto, case infecta, porque asumo que nalgún momento da partida, se esta paga a pena, a guerra a grande escala é inevitable”. Unha frase de “espírito funambulista”...

Tempo haberá para debullar devagariño esta marabilla que é *Funambulistas*, unha obra que aventuro terá unha gran acollida da crítica e dun lectorado interxeracional, que rematará emocionado e rendido a súa lectura. Leticia, ademais, incrementada pola posibilidade que este premio supón de incorporar ao noso catálogo a unha nova narradora, Mercedes Leobalde, á que apenas coñecemos polo Facebook... Parabéns por este *Funambulistas*, que moito os merece. (Manuel Bragado)

<http://bretemas.gal/onte-921-funambulistas-de-mercedes-leobalde-premio-anxel-fole-de-narrativa/>

Esta guía

Esta guía elabórase para orientar a lectura e ser utilizada na proba que se fai da mesma. Trátase de que o alumnado elabore os seus propios argumentos arredor do libro e de cada relato. Consientes de que, para iso, necesita axuda, a

guía trata de marcar unha serie de consideracións que lle sexan útiles para enriquecer a lectura e lle sirvan para coñecer os criterios de (auto)avaliación, ao tempo que permite valorar o grao de comprensión da lectura e o impacto que a mesma exerce.



Guía de lectura [nº 12]
Funambulistas de Mercedes Leobalde



Funambulistas: suxestións de lectura

Psicoloxía manual

Pensan que estou tolo por solicitar a amputación da miña man dereita... que quere acabar comigo.

É algo que ocorre desde que andaron a remexer nos miolos para me extirpar o tumor. Desde aquela a man dereita non é miña...

Así principia o primeiro relato. Nel preséntasenos un desequilibrio emocional, derivado quizais dun brote psicótico consecuencia da situación terminal motivada polo cancro. Iso activa un instinto suicida que pode agochar unha certa fantasía ideolóxica...

Negrón

Volveu ao espello e retocou a maquillaxe...

Co negrón, a xente aínda había crer que era unha muller maltratada!...

Á altura do quíscos reparou nun home maduro... Cando chegou á súa altura, reafirmándose cun aceno de cabeza sentenciou: "Ai, non, ti tamén has de ser boa!"

Fora un accidente, mais o feito derivou nunha aldraxante actitude machista que pretende xustificar a hipotética agresión de xénero, e que parte da submisión da muller ao varón. Como modificar este xeito de pensar?

Tatoos

Cando fixo os 95 anos, o avó Manuel quixo ir á vila para se tatuar... Así o fixo cando cumpriu os 97, os 98 e os 99.

Adiantándose ao previsible novo enfado da súa dona, o día do seu centenario Manuel... quería gravar "ANDREA"...

Ao chegar á casa, o avó satisfeito mostroulle á avoa Andrea a carne tatuada...

De resultas de tales feitos, a avoa toma a decisión de se separar *tras oitenta anos de matrimonio*.

Como non podía alegar legalmente o das "tatuaxes"... *Escribiu con letra vagarosa: "Imposible manter relacións"*.

Daquela onde fixo a tatuaxe o avó? A ironía e sarcasmo co que a autora constrúe o relato lévanos a matizar a decisión da avoa. De novo estamos ante a autoestima da muller, considerada no fondo coma un obxecto e posesión, neste caso do avó.

De todo corazón

Fora unha noite de chuva forte e frecuentes esptares, coas horas a decorrer ...

...Pero por fin liberada do pesadelo traizoeiro... Unha punzada que se fai extraordinariamente incisiva ao respirar... Que se vai estendendo xa... polo seu brazo esquerdo.

Relato claustrofóbico adubado dun pesadelo que semella real encamiñado cara ao infarto fatal. Quizais unha recreación do hipocondríacos que podemos chegar a ser.

Monxe á beira do mar

O vento mareiro fura... En van escolca frei Anselmo no océano un sinal da presenza do Creador. El viroulle as costas, deixouno só como un infante na negrura...

O protagonista experimenta unha crise espiritual. Terá necesidade o ser humano crer nun ente superior? O relato inspírase no cadro homónimo de pintor romántico alemán Caspar D. Friedrich.



DER MÖNCH AM MEER. 1810: Friedrich, Caspar David. Nationalgalerie, Staatliche Museen zu Berlin

Obediencia á autoridade

Un axente da Policía Local peta cos cotenos no cristal do lado do condutor. Dentro está Ismaël, oriundo do Senegal e sen permiso de residencia...

O feito vai provocar en Ismaël, que *acababa de facer os 16 anos e nunca a conducir aprendera*, un tremendo nerviosismo dentro dunha tensión metida nun pavor. De resultas atopela dúas rapazas que cruzaban distraídas cos seus móbiles, que *anunciaban... a entrada dun novo whatsapp*. O rapaz mergullado na inconsciencia e *ignorando onde se encontraba... non tiña sensacións do pescozo para abaixo... Ao lonxe, sirenas...achegándose*.

Medo á extradición, xenofobia, excesivo vínculo coas TIC, neste caso o móbil... Como inflúen no desenlace?

Escrita á man

Ese día viña de beber máis da conta, notábaselle... Empreñei e casamos... E desde aquela levo apañado moitas labazadas de Noso Señor... Vivía no medo e medo respiraba... Comesto dos celos el non quería que os homes reparasen en min... Pinteí os beizos para baixar. Nunca tal fixera!... Agarroume polo pelo e foime arrastrando ata o baño para facerme borrar o carmin, a golpes e patadas comigo... Mentres el roncaba na súa postura de vampiro dormente, envorquille por riba das mans unha pota chea de auga fervendo, para que nunca, nunca máis, puidese volver escribilas no meu corpo.

Esta recreación da violencia de xénero mostra un certo paralelismo co poema rosaliano de *Follas novas 'A xustiza pola man'*, coñécelo?

Declaración de amor do xadrecista

Esta e non outra é a careta que poñemos a diario para representar dun xeito convincente o papel que de nós se espera: estudamos, obedecemos, casamos, procreamos, pedimos hipotecas, votamos cando toca, pagamos os impostos, adoito respectuosos con calquera forma de poder... Moitas persoas desenvolven unha dupla moral a xeito de defensa, de autodefensa... " que a túa man dereita non saiba o que fai a esquerda"...

E é que todos somos funambulistas nesta vida...

... para imaxinala a ela e sentir de súpeto o fulgor...

A vida rutineira, en certa medida robotizada, asociada ao desexo de nos liberar dos nosos prexuízos, da moral establecida... Cal é o primeiro paso para a ruptura? A sensualidade? O libre desexo?

Cúmulos

De súpeto cesou por completo o vento que impulsaba a pobre vela esfiañada e a balsa ficou abaneando coas lenas ondas nunha inmensidade azul petríleo...

E despois, outro tiburón, E outro. E outro...

Non hai saída. Non hai saída? A que conclusión chegas? Cres que hai unha liña alegórica sobre a dificultade de sobrevivir no día a día?

Estimada Elena Francis

Son unha muller de 38 anos... O meu esposo é moi viril e no seu traballo debe tratar acotío con certas mulleres excesivamente liberais... secretarias novas e atractivas... Tratábase de pequenas infidelidades que eu toleraba, por consello da miña benquerida nai e tamén porque don Emiliano, o párroco, sempre me dicía que así é a natureza do home, que ás veces Deus nos pon a proba, que debía ser comprensiva e xenerosa e apoiar sen condicións o meu marido. E eu obedecía...

Pero ultimamente o meu esposo deu en meter as súas "amigas" na miña cama... Moral machista de forte base relixiosa? Coñeces a pasaxe da Xénese que consagra o concepto bíblico da dependencia canto á orixe mística e mítica da muller?

My Sweet Love

Non é mal plan, non cambiar de aires, camiñar e estar de verdade cos nenos... Nós este ano creo que non imos ir de vacacións a ningures... O "Códice calixtino" que che digo que teño non é de Luz Pozo...

Un día de manifestación fun coas nenas a Compostela... Alí estaba aquela marabilla... Ao meu alcance... E as follas apergamiñadas recendían a historia... Así me fixen co "Códice calixtino"...

Relato construído dun xeito lúdico co transfondo do roubo do *Códice calixtino* e que serve para reafirmar o valor identitario do país con alusións ao 25 de xullo, Día da Patria Galega; ou ao *Atlas lingüístico de Galicia*.

Romasanta

Corres lixeira sobre follas secas na fraga escurecida. Como muller, só burlas e vergoña, só escarnio, só soidade. De loba, a forza, a animalidade, o gorentoso poder de causar medo...

... retornas á aldea a facer noite. Á gris aldea da túa infancia, na que fuches muller e fuches home e te aldraxaron... Á mesma aldea onde... Emilia a costureira... bordara... O teu negro vestido de noiva escarneada.

A lenda do lobishome recrea a través non dun home lobo senón dunha muller loba, como sucede n' *O lobo da xente* de Vicente Risco. Vemos a dobre marxinação: a condición de muller e a maldición de ser loba?

E a señora Francis era un señor

Non te aflixas, non hai motivo para tanta confusión... os homes, querida, non son coma nós, teñen outras necesidades que ás veces non poden reprimir e que a nosotras, como esposas, nos corresponde comprender... A túa actitude como esposa debe ser en todo momento de apoio, como tan rectamente che indica o teu cura párroco e como xuraches facer ao pronunciare os sagrados votos do casamento... Querida esposa confundida, o traballo da muller nunca se acaba.

A educación machista impulsada desde os poderes tanto civís como eclesiásticos, a submisión da muller... Que relación establecemos entre iso é o celeberrimo programa radiofónico *Consultorio de Elena Francis* en antena entre 1947 e 1984, nada menos!

Máis vale tarde

A Avelino mudoulle a cara coma se alguén lle quitase mil anos de enriba. Lembrou con absoluta nitidez o Brando de "Salvaxe"... Que beleza, que marabilla de moto era aquela!...

En canto o enfermeiro saíu do cuarto, arrimou a cadeira de rodas ao cristal e apartou a cortina. Velai a súa Marilyn, orgullosa e brillante, facendo retroceder o tempo anos e anos nun segundo...

Relato cunha chiscada cinéfila para nos achegar ao tema do *tempus fugit* e á terribel soidade que para moitas persoas supón a vellez.

Mobiliario

... Non hai nada peor ca iso, sabes, sentirse soa vivindo con alguén... convivindo cun moble.

... Vólveunos dous completos estraños, non o recoñezo, non me recoñezo!...

... Non te mortifiques, que non has ser a primeira muller que se separa nin a última...

O seguinte foi un empurrón e o noxento bafo quente de viño na súa cara, e a folla entrándolle sucia e rexa no corpo cunha dor metálica en espiral terrible, no ventre cara ao costado dereito, xusto alí onde Mariña lle daba tantas patadas ao final do embarazo... A vida que se lle desangra, que se derrama. A vida, que é tan curta.

Tremendo e brutal relato para nos expor con todo realismo a violencia de xénero. O drama de vivir en parella sen ter xa nada en común. A desgraza de bater cunha persoa destrutiva e violenta.

Os cogomelos da risa

Non está ben ameazar así a unha muller inocente, nada ben, compréndeo. Ademais, xa me levas feito moitas... O rapaz non mo tocas, enténdiches? Nin tocalo! Por iso debes ficar así... Si xa sei que non sentes as pernas... Despois hei recebar... E de aquí a uns días, ao que seque ben o cemento, hei pintar esta parede de azul. Dun azul que tire a gris, coma os teus ollos.

Os malos tratos e xustiza pola man, rosaliana, a lei do ollo por ollo... Unha vinganza cruel, con emparedado incluído... Xustificámolo?

Xacobe e as tres letras

Mar. Así se chamaba a moi amada esposa de Xacobe... funcionario de correos. Non atoparon o seu cadáver tras o brutal asalto ao pazo da familia, acontecido vai xa para dous anos...

O día que desapareceu..., Mar levaba... a pulseira que el lle regalara sendo mozos...

... Xacobe tomou a determinación... de enviar a cada Mar que lle pasaba polas mans un bo ramo...

Os xenerosos ramos chéganlle por sorpresa a Mar, a cada Mar, acompañados dunha foto... No reverso o teléfono... : "Volve á casa. Agárdote, vida."

Relato cheo de lirismo sobre o amor eterno e a esperanza do reencontro. Mais realmente que sucedeu? Quizais unha fuga?

A idade da inocencia

Era sen dúbida o rapaz máis guapo da clase, o Teo. Guapo e simpático, e tamén moi listo...

Lorena nunca saíra cun rapaz...

As amigas contáranlle como debía facer para non empreñar...

O día das festas de San Martiño ocorreu. Non se preocuparon de tomar precaucións... Foron mozos durante outros dous meses... a Teo empezoulle a gustar moito Marta. Agora seica anda con... Vero.

Lorena non, ela non sae con ninguén... está repetindo e cada mañá dálle o peito ao seu pequeno...

O embarazo adolescente... É cousa de parella? Ten as mesmas repercusións nel e nela?

Lúa contra o baleiro

A Era Común iniciouse tras o remate da Gran Chuvia Estelar, no comezo do ano 2036 do calendario gregoriano, 4735 do chinés e 1457 do islámico. Colisións brutais, a fin do mundo...

A catástrofe sumiu a humanidade primeiro no caos, a dor e o desespero, e logo... no abatemento e o pesimismo colectivos...

O que deron en chamar *Acabamento Total*. Logo xurdiron as *Redes de Aprecio*, coordinadas coas *Redes de Recuperación e as de Vitalidade* que ensinan a cidadanía a canalizar os seus pensamentos, individual e colectivamente, cara a enfoques conservacionistas, isto é... o que se considera *beneficioso... e digno de perpetuación...*

Velaquí un relato postapocalíptico que nos presenta un mundo feliz aparente onde os sentimentos deben ser uniformes. É dicir colectivizados. Falamos do pensamento único? Da perda de iniciativa ou de enerxías positivas ou negativas.

O Porsche e o caracol

... André pretendía voar a Madrid para seguir en persoa unha pista (na busca da súa irmá desaparecida)... Pero no mesmo momento en que abriu a porta de entrada do pazo e viu a terra e o ceo, o seu corpo rebelouse, o corazón acelerouse rabioso, notou como unha prensa no peito e caeu redondo ao chan... "Agorafobia, sen dúbida"...

Agora un relato negro, que nos amosa a través dunha sutil intriga, que conflúe coa autosuperación, o tema do tráfico de persoas.

O terceiro mandamento

O diagnóstico fora bastante preciso... Tras o durísimo shock inicial e unhas semanas espantosas nas que dubidei se seguir vivindo... Brindábase a oportunidade de recuperar os anos perdidos... Entre outros obxectivos, marquei un especialmente interesante: o de respectar o santoral...

... probablemente non chegarei ao Nadal vindeiro... Rogo unha oración pola miña alma pecadora.

Relato en liña coa mellor corrente cunqueiriana para nos amosar o pracer como fuxida ante o irremediábel.

A berra é o conxunto de berros dun porco ...

Segue a ser tradición xuntarse a familia toda para a matanza, coma para a vendima ou a festa do patrón...

...a narradora ignora en realidade como é a matanza... Só o imaxinou e chegoulle.

O valor do pracer da construción literaria, leva á narradora aos recordos da infancia e das vellas tradicións.

Carme, o Nadal, o frío

A muller camiña en zapatillas, arrastrando o peso dos anos... "Como andamos hoxe, Carmela?" Tirando, nena, tirando... Pero iso é o de menos, porque mañá vénme a rapaza de Madrid, pasar comigo a Noiteboa"... Na vila acordan ben o accidente, acontecido por esas mesmas datas, a antiga moto cor cereixa incrustada baixo o camiión, a rapaza sen casco, o sangue no asfalto.

Relato cheo de amor filial, eterno, que conduce á loucura. A traxedia énos amosada con tenrura e bondade infindas o que nos leva a sentirmonos parte dese sentimento de amor cara á nai e cara á filla, que xa non está.

Morcego

Disque en todo suicida existe un elemento de vinganza... ...Tras as investigacións realizadas pola Garda Civil, todo apunta a que o home estaba a cambiar o tubo fluorescente... cando caeu da esqueira... Non había crime ningún, só un suicidio imprudente.

Tanto vai a auga ao muíño que acaba por anegalo todo. Ao final, a fatalidade!

Amencer

Primeiro día das vacacións. Hai quen aproveitaría para durmir ata as tantas, eu non. Eu madrugo... O día anúnciase luminoso... Entredábrolle a fiestra ao aire fresco... De volta na acollidora morneza das sabas, abro o libro... Trátase dunha novela negra... unha "lectura de verán"...

O pracer do descanso énos amosado cunha hábil e relaxada proposta narrativa, fundida nun climax de lirismo que resalta o tema do lecer das vacacións.

